

O XXVI Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia concedido ao presidente do Comité Internacional de la Cruz Roja, Peter Maurer

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022 – O xurado do XXVI Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia recoñeceu o rol como presidente do Comité Internacional de la Cruz Roja (CICR) de Peter Maurer, a través do cal considera que promove «o fortalecemento da diplomacia humanitaria para garantir o respecto do dereito internacional». No seu fallo, os membros do xurado estenden a súa distinción a CICR, unha «institución independente e neutral, que protexe e asiste ás vítimas dos conflitos armados e de outras situacións de violencia». Un labor que estiman é «especialmente relevante dado o actual conflito armado en Ucraína, no corazón de Europa» e que sinalan «provocou unha crise humanitaria».

En relación a este fallo, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López, subliñou que «a concesión do premio pon o foco nunha institución que conta cunha dilatada traxectoria na asistencia humanitaria e no coidado dos dereitos fundamentais». Asemade, apuntou que «a actuación de Cruz Vermella resulta chave á hora de brindar protección a civís inocentes que se atopan inmersos en contendas armadas e outras situacións de violencia».

Pola súa banda, o reitor da Universidade de Oviedo, Ignacio Villaverde, afirmou que «nestes momentos que estamos a vivir, recoñecer o traballo dunha institución como a Cruz Vermella na persoa do seu presidente, que con tanto acerto a dirixe, é un acto de xustiza».

Sobre a figura do galardoado, o reitor do sistema CETYS Universidade, Fernando León, destacou que «a través da súa traxectoria profesional practicou os valores europeos de cooperación, integración, diversidade, tolerancia e unidade que rodean ao Camiño de Santiago». Ademais, dixo que mediante «este premio recoñece as súas actividades, así como o seu labor e compromiso social e internacional».

Ao coñecer a resolución, Peter Maurer declarou sentirse honrado de aceptar esta distinción e manifestou que «foi un privilexio servir como presidente de CICR durante os últimos dez anos, traballando para fortalecer a diplomacia humanitaria e aliviar o sufrimento en lugares como Afganistán, Iraq, Siria, o Sahel e Ucraína, entre outros». «Este premio recoñece a dedicación do persoal do CICR que, a miúdo cun custo persoal, presta servizos de asistencia e protección ás comunidades afectadas por conflitos e crises en todo o mundo», engadiu.

A cerimonia de entrega do XXVI Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia terá lugar o 8 de setembro de 2022 no marco da XXVIII Asemblea Xeral do GCU, organizada pola Universidade de Friburgo (Suíza). Neste acto, faráselle entrega ao galardoado dunha cuncha de ouro, emblema da rede.

Perfil do galardoado

Peter Maurer, que naceu en 1956 na cidade suíza de Thoune, sobresaí pola súa dilatada carreira diplomática no seu país de orixe e na esfera internacional. Previamente, cursou estudos de historia e dereito internacional en Berna, tras os que obtivo un doutoramento.

Comezou a súa andaina profesional no ámbito diplomático no seu a Confederación Suíza en 1987, antes de ser designado primeiro colaborador do xefe da Misión Permanente de Observación de Suíza ante as Nacións Unidas en 1996. Como embaixador e xefe da Misión Permanente do seu país ante as Nacións Unidas (2004), traballou pola integración de leste nas redes multilaterais. Despois, presidiu a quinta comisión da ONU (2009), encargada dos asuntos administrativos e orzamentarios da organización.

En 2010 regresou ao seu país de orixe, ocupando o cargo de secretario de Estado para Asuntos Exteriores. Desde 2012 exerce a presidencia do Comité Internacional da Cruz Vermella e baixo a súa dirección a organización desenvolve actividades humanitarias en máis de 80 países.

Composición do xurado da edición de 2022

A reunión do xurado do XXVI Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, estivo presidida polo director xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo M. Lorenzo Suárez, en delegación do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, Román Rodríguez González.

Deste xurado forman parte igualmente as seguintes autoridades:

- O secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia, José Alberto Díez de Castro.
- O presidente do Grupo Compostela de Universidades, Marek Kręglewski.
- O reitor da Universidade de Santiago de Compostela (España), Antonio López Díaz.
- O reitor da Universidade de Oviedo (España), Ignacio Villaverde Menéndez.
- O reitor da CETYS Universidad (México), Fernando León García.

A secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, María Teresa Carballeira Rivera, exerceu de secretaria do xurado.

Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia

O Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia instituíuse en 1996 a raíz da firma dun acordo entre o Grupo Compostela de Universidades (GCU) e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo para a súa creación.

Desde a súa primeira convocatoria en 1997, este recoñecemento foi outorgado a persoeiros como como Jacques Santer (1997), Vaclav Havel (1998), Carla del Ponte (2001), Mohamed AlBaradei (2010) Marcelino Oreja Aguirre (2017), María Pilar Alonso Abad (2018) ou Francisco Javier Solana de Madariaga (2021). Ademais de distinguir o labor desenvolvido por institucións como a iniciativa Helsinki Group of Women and Science (2006), a institución académica Colegio de Europa (2012) e o programa Erasmus (2015).

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, recoñecida como entidade de utilidade pública, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da Educación Superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos da rede comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño de Santiago.